



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS Profesional de Santiago de Compostela

Materia/disciplina: Análise

Curso: 2023 - 2024





Índice

1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	4
3	Atención á diversidade.....	5
4	Temas transversais.....	6
	4.1. Educación en valores.....	6
	4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	6
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	6
6	Secuenciación do curso.....	7
	6.1. Curso: 5º Grao Profesional.....	7
	6.2. Curso: 6º Grao Profesional.....	12
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	17
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	17
9	ANEXOS.....	18
	9.1. Probas de acceso a outros cursos.....	18
	9.2. Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	18

1 Introducción

A materia de Análise está concibida como materia común para todas as especialidades nos dous últimos cursos do grao profesional aínda que, pola súa propia esencia, se trata dun ensino que debe estar presente ininterrompidamente desde o inicio dos seus estudos musicais. Naturalmente, nun nivel básico ou elemental, o grao de complexidade da análise que o profesorado leve a cabo terá que gardar a proporción necesaria cos coñecementos que posúa o alumnado, centrando a atención no recoñecemento dos elementos temáticos, fraseolóxicos, etc., e que a súa comprensión sexa indispensable para interpretar correctamente as obras, evitando tecnicismos que poidan resultar incomprensibles. En quinto e sexto do grao profesional, o alumnado posúe xa os coñecementos necesarios para afondar nunha materia tan incuestionable.

A disciplina de análise pretende subministrar o coñecemento teórico dos principais elementos e procedementos compositivos, e tamén o dunha serie de factores de tipo histórico, indisociables do feito musical como fenómeno cultural. E, sobre todo, pretende proporcionar unha serie de ferramentas metodolóxicas que permitan afrontar a análise desde todos os puntos de vista que poidan ser relevantes.

Os contidos do ensino da análise abranguen, xa que logo, todos os conceptos referidos aos elementos integrantes da nosa linguaxe musical (sen descartar referencias a músicas non occidentais, dada a utilidade da comparación entre elementos afíns con traxectorias culturais diferentes), cun coñecemento teórico básico da música que vai desde o canto gregoriano ata a actualidade, e con carácter procedemental, tamén a análise de obras dos períodos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo), co fin de poder observar con gran perspectiva o contexto diacrónico. Para iso, a análise deberase centrar no estudo dun número de obras representativas dos períodos e dos estilos que, traballadas tan profundamente como sexa posible, deberán achegar unha ampla visión das técnicas musicais occidentais, así como os criterios metodolóxicos que se poderán aplicar á análise doutras obras. Pola súa parte, os procedementos diríxense á asimilación teórica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos que se deberán recoñecer nas obras musicais mediante a análise de partituras e mediante a identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

Obxectivos xerais do grao profesional

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

Obxectivos específicos

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

2 Metodoloxía

Basearase na aprendizaxe por descubrimento en situacións que fomenten a creatividade e autonomía do alumnado. A aprendizaxe é un proceso persoal de cada alumno que o profesor non pode impoñer nin substituír, só pode acompañalo, estimulándoo e despertando o seu interese.

A metodoloxía basearase nos seguintes principios:

1. A formación personalizada.
2. A participación e colaboración dos pais ou titores
3. A efectiva igualdade de dereito entre os sexos.
4. O desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico.
5. O fomento dos hábitos de comportamento democrático.
6. A autonomía pedagóxica.
7. A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional.
8. A metodoloxía activa.
9. A relación co entorno social, económico e cultural.

Haberá que prestar especial atención ao aspecto colectivo da clase de Análise, aproveitándoo para desenvolver a motivación e o interese do alumnado. Ao ser un grupo grande será o profesor o que ostente o papel de líder, pero tentarase conseguir unha variedade de traballos que abrangan dende o individual ao colectivo pasando polos pequenos grupos. Tentarase evitar a polarización clásica de funcións, deixando ao alumnado o desenvolvemento dun papel activo. O modelo docente deberá ser dinámico e integrador, compartindo a responsabilidade, estimulando o diálogo e a participación ordenada dos alumnos, facilitando a aprendizaxe por descubrimento, integrando as suxestións do alumnado e adaptándose o mellor posible ás súas necesidades.

O ambiente de traballo é tamén importante. Tentarase adaptar a clase ás características propias e sempre cambiantes de cada grupo. O profesor establecerá unha autoridade clara, pero as súas correccións serán sempre construtivas e sen xestos nin comentarios despectivos que poidan ofender. O profesor interesarse igualmente por todos e cada un dos alumnos e alumnas, evitando os diálogos excesivamente personalizados. Os problemas específicos trataranse aparte, no tempo de titoría.

Para que o alumnado estea verdadeiramente motivado deberá coñecer exactamente os obxectivos e o plano de cada actividade e ser estimulado nos seus centros de interese comprendendo a funcionalidade do que aprende. Neste sentido, e dado o carácter eminentemente teórico que esta materia tivo dende antigo, será importante, dentro do posible, realizar todo tipo de actividades que permitan poñer en valor a importancia da materia para a súa formación musical. Ademais, a avaliación será continua, formadora e orientadora, e se procurará reforzar a motivación en base ao desenvolvemento da autoestima e aos reforzos positivos. Poderanse tamén utilizar técnicas de grupo orientadas a fomentalo traballo e a reflexión en grupo.

As actividades de ensinanza serán de diferentes tipos segundo o grupo e os contidos, conceptos, procedementos e actitudes que se queiran desenvolver. Para ensinar conceptos farase uso de actividades expositivas (por parte do profesor ou do alumnado, individualmente ou en grupo). Tamén se poden organizar discusións ou debates, o que requirirá dunha preparación previa individual ou por equipos e dun modo de funcionamento claro. A análise de partituras tamén se fará de forma colectiva alternándoa co traballo individual.

3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na súa páxina web.

4 Temas transversais

4.1. Educación en valores

Todos os temas transversais, e especialmente os de educación para a igualdade e a educación para a saúde (sobre todo en torno á contaminación acústica) estarán presentes ao longo do curso en todas as unidades didácticas.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as novas tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regularlas, e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
2. Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As actividades de promoción das ensinanzas e distintas actividades que se poidan fomentar adaptaranse ás instrucións das autoridades e ás directrices que o centro estableza.

6 Secuenciación do curso

6.1. Curso: 5º Grao Profesional

6.1.1. Obxectivos

O ensino da materia de Análise no grao profesional terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- a) Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- b) Analizar obras dos estilos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo) atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.
- c) Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- d) escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.
- e) tocar esquematicamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

6.1.2. Contidos

- Coñecemento básico dos principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos, desde o canto gregoriano á actualidade (incluíndo referencias á música non-occidental).
- Estudo dos principais elementos e procedementos compositivos (formais, estilísticos, harmónicos, contrapuntísticos, melódicos, rítmicos, texturais, sonoros, etc.), así como das súas interrelacións, a partir da análise de obras de diferentes épocas e autores, dos estilos da práctica tonal, e desde distintos puntos de vista analíticos.
- Estudo dos feitos históricos e psicoperceptivos indisolubles ao fenómeno musical.
- Práctica auditiva e instrumental dos elementos e procedementos aprendidos que conduzan á súa interiorización.

Contidos do 5º CURSO

Evolución da composición musical dende o gregoriano ata o Barroco.

Debido ao adianto da materia de Historia da Música un ano académico só é necesario facer un repaso de xeito básico da análise dende o canto gregoriano ata o nacemento da tonalidade.

Primeira Avaliación

Unidade 1. Introducción á análise. A cadencia como elemento estrutural. A repetición e o contraste como xeradores da microestrutura e da macroestrutura.

Unidade 2. A música vocal. O baixo como sustento harmónico.

Unidade 3. A música instrumental. A variación e a imitación como recurso compositivo.

Unidade 4. A invención.

Segunda Avaliación

Unidade 5. A suite de danzas no Barroco.

Unidade 6. A fuga.

Unidade 7. Formas estróficas. O rondó e a forma ritornello.

Terceira Avaliación

Unidade 8. Correntes preclásicas.

Unidade 9. Introducción ao Clasicismo. Introducción á forma sonata.

6.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

1. Identificar mediante a análise os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental (harmónicos, rítmicos, melódicos, sonoros, etc.).
2. Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo.
3. Identificar mediante a análise os distintos niveis estruturais (macro- e micro-) en obras das épocas da historia da música occidental.
4. Identificar auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma (macro- e micro-).
5. Expresar os resultados analíticos de forma sólida e coherente manexando a nomenclatura e simboloxía propia dos métodos analíticos estudados.
6. Extraer conclusións significativas da análise musical que permitan achegarse a unha mellor comprensión da obra e a unha mellor interpretación.
7. Participar aportando ideas propias baseadas nun pensamento crítico, dentro dun clima de diálogo e respecto.

Mínimos esixibles

Primeiro trimestre: demostrar coñecemento e capacidade analítica das bases da harmonía tonal e das principais cadencias, así como das principais estruturas que configuran a pequena forma (semifrase, frase e período) así como da variación e da imitación.

Segundo trimestre: demostrar coñecemento e capacidade analítica da estrutura (formal e harmónica) das pezas que forman a suite barroca.

Terceiro trimestre: demostrar coñecemento e capacidade analítica da estrutura (formal e harmónica) das formas preclásicas e un coñecemento básico da forma sonata.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial que permita valorar os coñecementos previos do alumnado, así como os diferentes casos de atención á diversidade. Verificarase ademais se o alumnado conta (ou non) con conexión telemática.

A avaliación será continua, e os procedementos e ferramentas empregados serán:

1. Observación do proceso de ensinanza-aprendizaxe, que se anotará no caderno de seguimento do alumnado.
2. Revisión das tarefas e/ou traballos do alumnado.
3. Realización de probas específicas.

Probas específicas:

- Reservarase un día lectivo (normalmente o día de clase anterior á avaliación).
- Poderá ser de respostas abertas (comentario analítico, análise completa dunha obra, etc.) e/ou pechadas (tipo test, cuestionario con resposta breve, verdadeiro/falso, etc.)
- Poderá incluír tanto exercicios de análise sobre partitura como de análise auditiva.

Criterios de cualificación

A cualificación trimestral repartirase da seguinte maneira:

- Participación e traballos: 30%
- Proba específica: 70%

A cualificación final da materia será a media das cualificacións positivas dos tres trimestres. No caso de non superar algún trimestre, non se fará a media ata a recuperación do dito trimestre.

Como criterio de redondeo, adóptase o seguinte: cando unha cualificación atinxa 5 decimais, redondearase ao número enteiro superior. Por exemplo: un 5,499 redondearase a 5,00; pero un 5,500 redondearase a 6,00.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en:

Realización dun exercicio de análise dunha obra do período barroco ou preclásico cos seguintes parámetros: recoñecemento da súa estrutura xeral, frases, temas (de ser o caso), cadencias, tonalidades e procedementos básicos de elaboración, repetición, secuenciación, tipos de imitación (de ser o caso).

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Recuperación durante o curso.

Proporanse actividades específicas de recuperación (e reforzo) para aquel alumnado que non alcance os mínimos esixibles podendo solicitar a asistencia do alumnado a sesións de titorización nos casos máis complexos.

Dado a distribución dos contidos nos trimestres, cada trimestre non superado se recuperará a final de curso. Polo tanto, a superación do segundo trimestre non implica a superación do primeiro, e analogamente co terceiro.

Para a cualificación final, a nota da proba recuperada ponderarase co traballo de aula, e a nota resultante aplicarase na media dos tres trimestres.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá nun exercicio/exame que incluírá os contidos da avaliación/curso para o que se reservará un día lectivo (normalmente o día de clase anterior á avaliación).

O formato da mesma será:

Exercicio de respostas abertas (comentario analítico, análise completa dunha obra, etc.) e/ou pechadas (tipo test, cuestionario con resposta breve, verdadeiro/falso, etc.)

Dito exame poderá incluír tanto exercicios de análise sobre partitura como de análise auditiva.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

A cualificación deste exercicio será do 1 ao 10 sendo o resultado do mesmo a nota total da avaliación/curso.

O exercicio conterá no seu enunciado a cualificación concreta de cada apartado.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

O alumnado que obteña unha avaliación negativa na convocatoria ordinaria (actualmente en maio), terá a posibilidade de realizar unha proba extraordinaria (actualmente en xuño). Dita proba seguirá o mesmo formato comentado nos apartados anteriores.

6.1.5. Recursos didácticos

Material imprimado e/ou dixital.

- Partituras correspondentes aos estilos e épocas históricas estudadas.
- Apuntes en fotocopias, artigos analíticos, libros especializados, etc.
- Facilitarase ao alumnado unha lista coa bibliografía recomendada, e informarse dos recursos dispoñibles na biblioteca do centro.

Medios audiovisuais

- proxector, lousa dixital, etc.
- Equipo de son de boa calidade.

Recursos TIC

- Ordenador con conexión a Internet.
- Aula virtual.

Bibliografía

Formación do oído

Hindemith, Paul.- Adestramento elemental para músicos.- Ricordi Americana.

Kühn, Clemens.- Formación musical do oído.- Labor.(1).

Formas musicais

Bas, Julio.- Tratado de la forma musical.- Ricordi Americana.

Kühn, Clemens.- Tratado de la forma musical.- Labor.

Rosen, Charles.- Formas de sonata.- Labor

Willam Caplin.- Classic Form

Zamacois. Joaquín.- Tratado de la forma musical.-Labor.

Melodía

Toch, Ernst.- La melodía.- Labor.

(1) *Os libros editados pola desaparecida editorial Labor poden ser agora publicados por outras editoriais como Spanpress.

6.2. Curso: 6º Grao Profesional

6.2.1. Obxectivos

O ensino da materia de Análise no grao profesional terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- a) Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- b) Analizar obras dos estilos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo) atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.
- c) Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- d) escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.
- e) Tocar esquematicamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

6.2.2. Contidos

- Coñecemento básico dos principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos, desde o canto gregoriano á actualidade (incluíndo referencias á música non-occidental).
- Estudo dos principais elementos e procedementos compositivos (formais, estilísticos, harmónicos, contrapuntísticos, melódicos, rítmicos, texturais, sonoros, etc.), así como das súas interrelacións, a partir da análise de obras de diferentes épocas e autores, dos estilos da práctica tonal, e desde distintos puntos de vista analíticos.
- Estudo dos feitos históricos e psicoperceptivos indisolubles ao fenómeno musical.

- Práctica auditiva e instrumental dos elementos e procedementos aprendidos que conduzan á súa interiorización.

Contidos 6º CURSO

Primeira Avaliación

Unidade 1. A forma sonata. Influencia da forma sonata noutros movementos.

Unidade 2. O rondó-sonata. A música vocal. Aria e outras formas vocais.

Unidade 3. O movemento lento. O movemento final.

Segunda Avaliación

Unidade 4. O concerto.

Unidade 5. A evolución da harmonía no Romanticismo (I). Expansións harmónicas.

Unidade 6. As formas no Romanticismo (I). A expansión da forma sonata.

Unidade 7. As formas no Romanticismo (II). Pequenas formas pianísticas, o Lied.

Terceira Avaliación.

Unidade 8. A textura no século XIX.

Unidade 9. A evolución da harmonía no Romanticismo (II). Cromatismos e modulacións. Expansións e alternativas á tonalidade establecida no século XIX.

Unidade 10. Neomodalismo no século XIX. O Impresionismo.

Evolución da composición musical durante os séculos XX-XXI

A curta duración da materia imposibilita abordar a música postonal con profundidade. Con todo, daranse algunhas referencias básicas que, xunto ao traballado en Historia da Música, permitan ao alumnado achegarse á música actual.

6.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

1. Identificar mediante a análise os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental (harmónicos, rítmicos, melódicos, sonoros, etc.).
2. Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo.
3. Identificar mediante a análise os distintos niveis estruturais (macro- e micro-) en obras das épocas da historia da música occidental.
4. Identificar auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma (macro- e micro-).
5. Expressar os resultados analíticos de forma sólida e coherente manexando a nomenclatura e simboloxía propia dos métodos analíticos estudados.

6. Extraer conclusións significativas da análise musical que permitan achegarse a unha mellor comprensión da obra e a unha mellor interpretación.
7. Participar aportando ideas propias baseadas nun pensamento crítico, dentro dun clima de diálogo e respecto.

Mínimos esixibles

Primeiro trimestre: Demostrar coñecemento e capacidade analítica da estrutura (formal e harmónica) dos diferentes movementos da sonata.

Segundo trimestre: Demostrar coñecemento e capacidade analítica dos principais cambios e expansións na harmonía no século XIX, así como das principais formas románticas, en particular o lied e o xénero pianístico. Coñecer a estrutura do primeiro movemento do concerto.

Terceiro trimestre: Demostrar coñecemento e capacidade analítica da harmonía cromática e alterada no século XIX. Enmarcar as obras analizadas dentro das principais correntes estilísticas.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial que permita valorar os coñecementos previos do alumnado, así como os diferentes casos de atención á diversidade. Teranse en conta os informes do curso anterior. Verificarase ademais se o alumnado conta (ou non) con conexión telemática.

A avaliación será continua, e os procedementos e ferramentas empregados serán:

1. Observación diaria e sistemática de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, que se anotará no caderno de aula.
2. Revisión das tarefas e/ou traballos do alumnado.
3. Realización de probas específicas.

Probas específicas:

- Reservarase un día lectivo (normalmente o día de clase anterior á avaliación).
- Poderá ser de respostas abertas (comentario analítico, análise completa dunha obra, etc.) e/ou pechadas (tipo test, cuestionario con resposta breve, verdadeiro/falso, etc.)
- Poderá incluír tanto exercicios de análise sobre partitura como de análise auditiva.

Criterios de cualificación

A cualificación trimestral repartirase da seguinte maneira:

- Participación e traballos: 30%
- Proba específica: 70%

A cualificación final da materia será a media das cualificacións positivas dos tres trimestres. No caso de non superar algún trimestre, non se fará a media ata a recuperación do dito trimestre.

Como criterio de redondeo, adóptase o seguinte: cando unha cualificación atinxa 5 decimais, redondearase ao número enteiro superior. Por exemplo: un 5,499 redondearase a 5,00; pero un 5,500 redondearase a 6,00.

6.2.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Recuperación durante o curso.

Proporanse actividades específicas de recuperación (e reforzo) para aquel alumnado que non alcance os mínimos esixibles podendo solicitar a asistencia do alumnado a sesións de titorización nos casos máis complexos.

Dado a distribución dos contidos nos trimestres, cada trimestre non superado se recuperará a final de curso. Polo tanto, a superación do segundo trimestre non implica a superación do primeiro, e analogamente co terceiro.

Para a cualificación final, a nota da proba recuperada ponderarase co traballo de aula, e a nota resultante aplicarase na media dos tres trimestres.

Recuperación de materias pendentes.

O alumnado con Análise de 5º curso pendente asistirá ás clases de 5º curso e realizará as mesmas tarefas e probas.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá nun exercicio/exame que incluírá os contidos da avaliación/curso para o que se reservará un día lectivo (normalmente o día de clase anterior á avaliación).

O formato da mesma será:

Exercicio de respostas abertas (comentario analítico, análise completa dunha obra, etc.) e/ou pechadas (tipo test, cuestionario con resposta breve, verdadeiro/falso, etc.)

Dito exame poderá incluír tanto exercicios de análise sobre partitura como de análise auditiva.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

A cualificación deste exercicio será do 1 ao 10 sendo o resultado do mesmo a nota total da avaliación/curso.

O exercicio conterá no seu enunciado a cualificación concreta de cada apartado.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

O alumnado que obteña unha avaliación negativa na convocatoria ordinaria (actualmente en Maio), terá a posibilidade de realizar unha proba extraordinaria (actualmente en Xuño). Dita proba seguirá o mesmo formato comentado nos apartados anteriores.

6.2.5. Recursos didácticos

Material imprimado e/ou dixital.

- Partituras correspondentes aos estilos e épocas históricas estudadas.
- Apuntes en fotocopias, artigos analíticos, libros especializados, etc.
- Facilitarase ao alumnado unha lista coa bibliografía recomendada, e informarase dos recursos dispoñibles na biblioteca do centro.

Medios audiovisuais

- Lousa, proxector, lousa dixital, etc.
- Equipo de son de boa calidade.

Recursos TIC

- Ordenador con conexión a Internet.
- Aula virtual.

Bibliografía

Formación do oído

Hindemith, Paul.- Adestramento elemental para músicos.- Ricordi Americana.

Kühn, Clemens.- Formación musical do oído.- Labor.(1).

Formas musicais

Bas, Julio.- Tratado de la forma musical.- Ricordi Americana.

Kühn, Clemens.- Tratado de la forma musical.- Labor.

Rosen, Charles.- Formas de sonata.- Labor

Willam Caplin.- Classic Form

Zamacois, Joaquín.- Tratado de la forma musical.-Labor.

Melodía

Toch, Ernst.- La melodía.- Labor.



(1) *Os libros editados pola desaparecida editorial Labor poden ser agora publicados por outras editoriais como Spanpress.

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Consistirán nunha avaliación continua por parte do profesorado da especialidade da programación didáctica, rexistrando as posibles incidencias e variacións na mesma no caso de presentarse. Ademais nas reunións do Departamento de Fundamentos de composición levarase a cabo un seguimento da programación co mesmo fin.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Nas reunións do Departamento de Fundamentos de composición acordaranse as medidas oportunas de avaliación necesarias para o correcto funcionamento do mesmo; trataranse conxuntamente co seguimento da programación.

9 ANEXOS

9.1. Probas de acceso a outros cursos

O alumnado que desexe participar nas probas que anualmente se convocan para acceder a 6º curso de grao profesional deberá demostrar o seu dominio da materia de Análise.

Así, para o acceso a 6º curso de grao profesional o aspirante realizará unha proba similar á proba extraordinaria de avaliación correspondente ao 5º curso de grao profesional, cos mesmos contidos e criterios de avaliación.

Contidos

Realización dun exercicio de análise dunha obra do período barroco ou preclásico cos seguintes parámetros: recoñecemento da súa estrutura xeral, frases, temas (de ser o caso), cadencias, tonalidades e procedementos básicos de elaboración, repetición, secuenciación, tipos de imitación (de ser o caso).

Criterios de avaliación e cualificación

A cualificación do exercicio será entre o 1 e o 10, sendo a nota da proba a acadada no exercicio. Dito exercicio incluírá no seu enunciado a cualificación concreta de cada apartado.

9.2. Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na súa páxina web.